

Sumario | nº53 – Xaneiro 2026


EDIUS **NOVAS**

Unha única
candidatura
para dirixir
a EDIUS



OPINIÓN

Investigar
en Humanidades
e os Obxectivos
de Desenvolvemento
Sostible (ODS)



EDIUS **NOVAS**

Nace o BOUSC,
o Boletín Oficial
da Universidade
de Santiago
de Compostela



3MT®

O concurso 3MT celebra
o seu primeiro lustro
na USC



EDIUS **NOVAS**

Nova convocatoria do 'Programa
estatal de investigación científica,
técnica e de innovación
2024-2027'

EDIUS **NOVAS**

Distribución da renda
e pesca na Galicia
cantábrica, liñas
de investigación
premiadas nos Valentín
Paz Andrade

EDIUS **NOVAS**


O ránking GreenMetric
sitúa á USC entre
as dez universidades
máis sustentables
do Estado



EDIUS **NOVAS**

O doutor pola USC e investigador
José Luis Mascareñas recibe
o Premio Rei Jaime I
de Investigación Básica

ENTREVISTA




José Manuel
Amoedo Meijide

Premio Valentín Paz Andrade
de Investigación en Economía



ENTREVISTA



Teresa Moure

Profesora e directora do Centro In-
terdisciplinario de Investigacións Femi-
nistas e de Estudos de Xénero (CIFEX)

«En diferentes
especialidades e con
diversas metodoloxías,
termos en conta a
perspectiva de xénero
mellora os resultados
de investigación»



EDIUS **NOVAS**



Miguel Túñez, Investigador
do Ano no XVII Congreso
Internacional da Revista Latina
de Comunicación Social



EDIUS **NOVAS**

CLM abre a matrícula
nos cursos de alemán,
catalán, checo, francés,
inglés, italiano, galego
e portugués



EDIUS **NOVAS**

Premio para teses
relacionadas coa ciencia
e a tecnoloxía nuclear



EDIUS

NOVAS

Unha única candidatura para dirixir a EDIUS

O 21 de xaneiro celebráranse as votacións presenciais para elixir á persoa que dirixirá a Escola de Doutoramento Internacional da USC. Isabel Neira Gómez, actual secretaria académica da EDIUS e catedrática do Departamento de Economía Cuantitativa da universidade compostelá, foi a única persoa que presentou a súa candidatura.

Para concorrer a este cargo, as persoas candidatas teñen que ser persoal docente e investigador e formar parte dos programas de doutoramento co título de doutora ou doutor con vinculación permanente á USC. Ademais, han de reunir a condición de persoa investigadora de recoñecido prestixio.

A persoa directora da EDIUS será elixida por votación entre os membros do Comité de Dirección da Escola de Doutoramento.

O candidato á dirección da EDIUS que resulte elixido será nomeado polo reitor, ao igual que o secretario ou secretaria, cargo proposto polo novo director/a. As persoas responsables das subdireccións serán tamén unha proposta da persoa responsable da dirección.

Como nesta ocasión hai unha única candidatura, só se celebrará unha votación, resultando elixido o candidato se obtén o 25% ou máis dos votos emitidos.



3MT®



O concurso 3MT celebra o seu primeiro lustro na USC

A Escola de Doutoramento Internacional da USC convoca este ano a quinta edición do *Three Minute Thesis (3MT®)*, un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras predoutorais de todas as áreas do coñecemento. O prazo de envío de vídeos para participar estará aberto do 1 de abril ao 3 de maio de 2026. O requisito para participar nesta quinta edición do 3MT é estar matriculado/a nun programa de doutoramento da USC no curso 2025/2026 e non ter defendido aínda a tese.

Iniciado pola Universidade de Queensland en 2008, o 3MT cultiva as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investi-

gación do estudiantado. O concurso apoia a capacidade do alumnado de doutoramento para explicar eficazmente a súa investigación en tres minutos e nunha linguaxe adecuada para un público non especializado.

Esta competición reta ao estudiantado de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas, así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación, e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais. O escaso tempo do que dispoñen obrígalles a preparar discursos claros e efectivos, que transmitan en poucas palabras a importancia do tema de investigación de xeito sinxelo e comprensible para os non expertos.

A selección dos vídeos finalistas estará a cargo dun comité académico conformado por membros da EDIUS e do profesorado da USC. Este comité será o encargado de elixir un máximo de 20 vídeos, 5 por cada área de coñecemento (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñaría; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais) que concorrerán nunha Gran Final.

Os 20 vídeos finalistas concursarán nunha Gran Final que se celebrará a primeira semana do mes de xuño, nun lugar aínda por determinar. Os/as 20 finalistas farán a presentación da súa investigación en persoa. A exposición, que se fará diante do xurado e do público, deberá respectar o tempo (3 minutos) e o guión do traballo presentado en formato vídeo. Nesta gala serán entregados os catro Premios de Excelencia de Divulgación Científica, un por cada área.

O xurado terá en conta aspectos do contido das presentacións e a capacidade comunicativa dos candidatos e candidatas, indepen-

dentemente da área de coñecemento á que se adscriban. A EDIUS premiará aos doutorandos e doutorandas gañadores dos Premios de Excelencia de Divulgación Científica cun **cheque por valor de 250€**. Ademais, os/as 20 doutorandos e doutorandas que participen na final recibirán como recoñecemento un agasallo sorpresa.

CURSO SOBRE O PITCH, EN MARZO

O alumnado de doutoramento poderá matricularse no curso *‘Three Minute Thesis: O pitch como ferramenta para unha comunicación científica eficaz’*, unha formación na que poderán aprender estratexias para comunicar o contido as súas investigación de xeito eficiente e adaptando os seus discursos ás dinámicas do *pitch*.

O curso celebrarase, de xeito presencial, entre os días 9 e 10 de marzo na Facultade de Ciencias da Comunicación en Santiago de Compostela. Os profesores Roi Méndez Fernández e Marta Rodríguez Castro serán os encargados de impartir esta formación. [Nesta ligazón](#) podedes atopar toda a información sobre este curso, así como o xeito de inscribivros.

EDIUS NOVAS

Distribución da renda e pesca na Galicia cantábrica, liñas de investigación premiadas nos Valentín Paz Andrade

A décima segunda edición dos Premios Valentín Paz Andrade de Investigación en Economía de Galicia acaba de recoñecer, na categoría de teses de doutoramento publicadas en calquera universidade, dous estudos que abordan, respectivamente, a distribución da renda e a pesca na Galicia cantábrica. O xurado resolveu un *ex aequo* ás teses tituladas "[A relación entre a distribución funcional e persoal da renda. Proposta metodolóxica e aplicación para España e Galicia no período 2007-2021](#)", realizada por José Manuel Amoedo Meijide, e "[Pesca e negocio na Galicia cantábrica. De Cariño a Ribadeo entre o Catastro de Ensenada e o desestanco do sal](#)", de José María Leal Bóveda.

Da investigación de Amoedo Meijide, o xurado destacou o seu carácter pioneiro na investigación da distribución persoal da renda en Galicia, de “gran relevancia” para a mellor asignación de recursos e a consecución de cotas máis altas de equidade na sociedade galega, así como a solidez do enfoque metodolóxico empregado. Respecto á tese elaborada por Leal Bóveda, o xurado realizou a “utilización crítica e exhaustiva das fontes dispoñibles para modificar de maneira significativa a interpretación dun período da historia pesqueira e industrial de Galicia moi importante para entender a orixe e evolución da realidade socioeconómica do país”.

Na modalidade de traballos publicados en revistas científicas ou editoriais recoñecidas, o xurado outorgou o premio ao artigo "[Travel-time accessibility and adaptive spatial planning solutions for the healthcare system](#)" do que son autores José Balsa-Barreiro, Sérgio F.A. Batista, Gaby J. Hannoun e Mónica Menéndez.

O Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da USC e o Consello Económico e Social de Galicia convocan con carácter anual este certame que distingue traballos de investigación (artigos publicados e teses) que contribúan a coñecer mellor a realidade económico-social de Galicia e a establecer mellores políticas para o benestar da cidadanía.

Na seguinte páxina, entrevista con José Manuel Amoedo Meijide, un dos gañadores do premio

 [Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA

Premio Valentín Paz Andrade de Investigación en Economía



José Manuel
Amoedo Meijide

«Antes de comezar o Grao en Economía en Santiago tiña moito interese por comprender as desigualdades socioeconómicas e por tratar de explicalas»

Por que decidiches investigar sobre a distribución da renda?

As razóns para a selección da temática veñen de lone. Xa antes de comezar o Grao en Economía en Santiago tiña moito interese por comprender as desigualdades socioeconómicas e por tratar de explicalas. Foi unha das principais razóns polas que me interesei pola Economía e decidín que quería ser economista e, estando xa no grao, seguíndome interesando por esa temática nas aulas e no meu tempo libre. Durante o grao e o mestrado intereseime tamén por outras liñas de investigación nos meus TFG e TFM, pero non sentía o mesmo interese que polas desigualdades. Por iso, cando chegou o momento de iniciar a miña tese, optei por darlle prioridade ó meu interese por enriba de continuar con liñas xa abertas. É algo que, na medida das súas posibilidades, recomendaríalle aos que se atopan nesa fase. Ademais, o contexto invitaba a estudar esa temática, estabamos de pleno na Pandemia do Covid-19 e as desigualdades estaban facéndose máis evidentes e, dentro delas, a dimensión máis relevante é a da desigualdade na distribución da renda. Por iso optei por esta temática.

Que supón para ti recibir este recoñecemento?

Coas persoas que me acompañaron ó longo de todo este proceso tanto a nivel persoal como académico. Son moitas persoas as que, en maior ou menor medida, teñen contribuído a obter este recoñecemento. No ámbito académico destacaríaa á profesora María del Carmen Sánchez Carreira, pola súa labor e apoio como directora da tese de doutoramento, ós meus coautores de investigacións (Bruno, Hugo, Yago, Isabel...) e ós compañeiros do Grupo ICEDE e dos Departamentos de Economía Aplicada e Fundamentos de Análise Económica. No plano persoal, quero compartilo coa miña moza Alba, que tenme acompañado ó longo de case todo este proceso e foi, xunto coa nosa gata Firu, o fogar ó que retornar tras o traballo e o principal apoio nos momentos complicados.



**Laura María
Lojo Rodríguez**

Directora do Instituto
de Investigación en
Humanidades da USC
(iHUS)

OPINIÓN

Investigar en Humanidades e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) non son só un reto técnico, senón un proxecto cultural e ético. Aínda que os ODS se asociaron tradicionalmente a ámbitos científico-tecnolóxicos ou socioeconómicos, a súa consecución require dunha comprensión crítica dos marcos culturais, lingüísticos, históricos e simbólicos que configuran os comportamentos humanos e as dinámicas sociais.

A investigación en Humanidades representa un eixo transversal para todos os ODS, logo que proporciona o sentido, os valores e a comprensión social necesarios para que o desenvolvemento sexa verdadeiramente sostible.


A integración dos ODS na investigación en Humanidades constitúe unha necesidade estratéxica no contexto actual de transformación social, ambiental, tecnolóxica e cultural. As Humanidades desenvolven un papel fundamental na interpretación, contextualización e comunicación dos desafíos globais que abordan os ODS: xogan un papel cen-

tral na análise de como se constrúen os discursos dominantes que inflúen na percepción pública e na toma de decisións sobre sustentabilidade, benestar e saúde, xustiza social, igualdade de xénero ou diversidade cultural; tamén no deseño de modelos educativos inclusivos, críticos e adaptados a contextos locais e na promoción da alfabetización crítica, mediática e dixital. Neste senso, as Humanidades favorecen unha aproximación crítica que complementa os enfoques técnicos e cuantitativos perante retos como a dixitalización. A rápida evolución tecnolóxica esixe que a formación no doutoramento incorpore ferramentas dixitais avanzadas, non só como soporte de xestión académica, senón tamén como parte integral da investigación e da metodoloxía en Humanidades, incluíndo a integración da IA e tecnoloxías emerxentes coa fin de aproveitar plenamente as oportunidades pedagóxicas e de investigación que estas ferramentas ofrecen. Pero tamén se precisa unha reflexión conceptual e crítica sobre o significado e natureza

destas ferramentas, as súas implicacións éticas e a súa integración nunha sociedade que aspira a ser máis sostible, máis xusta e máis equitativa.

A investigación humanística é chave para promover a sustentabilidade cultural, entendida como a preservación do patrimonio material e inmaterial, o respecto á diversidade, e á transmisión de valores éticos interxeracionais. Pero a sustentabilidade académica e social tamén representa outro desafío importante para as Humanidades: máis aló do foco ambiental sobre o que as Humanidades tamén reflexionan – chamando a atención sobre os nosos hábitos de consumo e a análise das sociedades que os promoven – a sustentabilidade en programas de doutoramento implica fomentar prácticas de investigación responsables, inclusión, accesibilidade e cooperación internacional – factores que aumentan a calidade e repercusión social da formación nun doutoramento en Humanidades. A sustentabilidade tamén involucra a capacidade do programa de adaptarse a cambios no mercado laboral e responder á crecente demanda de habilidades interdisciplinarias e transferibles.

Deste xeito, a investigación en Humanidades non só mantén a súa relevancia académica, senón que se consolida como un axente esencial na consecución dun desenvolvemento verdadeiramente sostible, baseado non só na innovación tecnolóxica, senón tamén en valores, pensamento crítico e responsabilidade social.



EDIUS **NOVAS**

Nova convocatoria do ‘Programa estatal de investigación científica, técnica e de innovación 2024-2027’

Xa está aberta a convocatoria 2025 de axudas a Proxectos de Colaboración Público-Privada do "Programa estatal de investigación científica, técnica e de innovación 2024-2027". O obxectivo deste programa é apoiar o desenvolvemento de proxectos de desenvolvemento experimental en colaboración entre empresas e organismos de investigación públicos ou privados, co fin de incorporar coñecementos e resultados científicos-técnicos que permitan a validación e o desenvolvemento pre-competitivo de novas tecnoloxías, produtos e servizos.


Aínda que a convocatoria establece que os proxectos financiaranse vía préstamo ou subvención, a participación da Universidade será sempre a través dunha subvención.

O prazo interno para presentar as solicitudes na Universidade comezará o 26 de xaneiro de 2026, co fin de poder garantir a presentación de todos os proxectos na data de finalización do prazo establecido pola Axencia Estatal de Investigación, fixada para o 30 de xaneiro deste ano, ás 14:00 horas.



EDIUS **NOVAS**

O ránking GreenMetric sitúa á USC entre as dez universidades máis sustentables do Estado



O UI **GreenMetric World University Rankings**, principal clasificación do mundo que avalía o compromiso das universidades coa sustentabilidade, sitúa á USC no chanzo 303 de entre as 1.547 institucións académicas que participaron nesta edición 2025. Na contorna estatal, a Universidade de Santiago de Compostela ocupa o chanzo número nove.

En concreto, a clasificación avalía un total de seis indicadores: contorna e infraestruturas (15%), enerxía e cambio climático (21%), residuos (18%), auga (10%), transporte (18%) e educación (18%). O obxectivo desta clasificación, impulsada

pola Universidade de Indonesia, é reflectir os esforzos realizados polas universidades no desenvolvemento e implantación de políticas e programas respectuosos co medio ambiente e a sustentabilidade. Os responsables da clasificación analizan o compromiso das universidades coa sustentabilidade a partir dunha serie de aspectos que inclúen a recompilación de información básica sobre o perfil de cada universidade, particularmente en relación ao seu tamaño e ámbito xeográfico de implantación. A recompilación dos datos realízase a través de enquisas en liña enviadas a administradores universitarios.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

CLM abre a matrícula nos cursos de alemán, catalán, checo, francés, inglés, italiano, galego e portugués

En febreiro
iniciarase o prazo
para participar
nas Conversas de
francés, inglés
e checo

A USC abre este mes de xaneiro o prazo de matrícula para os seus **cursos de idiomas** para os que, nalgún caso, hai que realizar un test de nivel previo.

No campus de Santiago o Centro de Linguas Modernas ofrece cursos de inglés, alemán, catalán, francés, italiano, portugués e galego para non galego falantes. No de Lugo, haberá nese semestre cursos de Alemán, Francés, Galego e Inglés en distintas modalidades. Os cursos diríxense a persoal e estudantado da USC, pero están tamén abertos a calquera persoa maior de 18 anos interesada aínda que non forme parte da comunidade universitaria.

CONVERSAS EN LINGUAS MODERNAS

A USC convoca tamén para o segundo semestre do ano académico 2025-2026 unha nova edición das **Conversas en linguas modernas**, que se ofrecen en niveis intermedio e avanzado de francés, inglés e checo. Para participar nelas, os requisitos son moi similares á convocatoria dos cursos, aínda que os prazos de matrícula e de inscrición no test de nivel darán comezo en febreiro.



Imaxe de arquivo dunha clase de catalán do CLM. FOTO: Santi Alvite

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

A Universidade Médica de Varsovia intégrase na Alianza EUniWell

Coa adhesión desta institución polaca, a Universidade Europea para o Benestar suma doce entidades

A Universidade Europea para o Benestar (EUniWell), Alianza na que se integra a USC, suma unha nova institución socia coa incorporación da Universidade Médica de Varsovia (Polonia). A **MUW** convértese así no duodécimo membro deste consorcio europeo do que tamén forman parte as universidades de Birmingham (Reino Unido), Constanza (Alemaña), Florencia (Italia), Colonia (Alemaña), Murcia (España), Nantes (Francia) Semmelweis (Hungria), Inalco (Francia), Linneo (Suecia) e Taras Shevchenko de Kiev (Ucraina).

Tras a sinatura dun Memorando de Entendemento en maio de 2025, a Universidade Médica de Varsovia (MUW) foi agora incluída formalmente como membro de pleno dereito da Alianza e como entidade beneficiaria no proxecto EUniWell.

Il-WeFF. Fundada en 1809, a MUW é unha das principais institucións de investigación médica de Europa Central e Oriental. Con máis de 10.000 estudantes e máis de 1.800 membros do persoal académico, a universidade ofrece un amplo abano de programas en Medicina, Odontoloxía, Farmacia, Saúde Pública e Ciencias Biomédicas.

A incorporación desta universidade polaca supón un novo impulso á colaboración académica transfronteiriza, así como na promoción de valores compartidos no panorama europeo do ensino superior. As 180 unidades de investigación e docencia da universidade reflicten o seu compromiso profundamente arraigado coa mellora da saúde e do benestar a través da innovación e do intercambio de coñecemento.



Universidade Médica de Varsovia (MUW). Foto: web USC.

[↩ Ir ao sumario](#)

Nace o BOUSC, o Boletín Oficial da Universidade de Santiago de Compostela

A USC publicou o pasado decembro o primeiro número do **Boletín Oficial da USC** (BOUSC), ferramenta que ten como obxectivo garantir o principio de seguridade xurídica e ampliar e reforzar a transparencia da actividade da Universidade. A súa publicación virá determinada polo volume da documentación a publicar, pola súa urxencia e polos requerimentos derivados da actividade institucional.

Este primeiro número recolle, no capítulo de disposicións xerais, os acordos polos que se aproba o Regu-

lamento dos programas de simultaneidade de estudos e das estruturas curriculares específicas na USC e se modifican os Regulamentos de estudos propios e para a creación, modificación e supresión das plataformas científico-tecnolóxicas.

No apartado de acordos e resolucións dos órganos da IUSC este primeiro número inclúe a convocatoria de eleccións universitarias e o recoñecemento da equivalencia de estudos estranxeiros para o acceso a mestrías, doutoramento e estudos propios.



The screenshot shows the BOUSC website interface. At the top, there is a navigation bar with links: USC Virtual, Sede electrónica, BOUSC, Goberno, Centros, Departamentos, Servizos, Directorio, Transparencia, and Xornal. Below this is the USC logo and the text "BOUSC Boletín Oficial da USC". A search bar is present with the text "Buscar en todo" and "Buscar números". Below the search bar, there are dropdown menus for "Mes" and "Ano", and a text input field for "Texto a buscar", with a "Buscar" button. The main content area displays "BOUSC 1 | Ano I | 9 de Decembro de 2025" and a "Descargar o número" button. The content is organized into sections: "I. Disposicións xerais" and "III. Acordos e resolucións dos órganos da USC". Under "I. Disposicións xerais", there are three items, each with a right-pointing arrow icon: "Acordo do 24 de outubro de 2025, do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela polo que se aproba o Regulamento dos programas de simultaneidade de estudos e das estruturas curriculares específicas na USC", "Acordo do 24 de outubro de 2025, do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela polo que se modifica o Regulamento de Estudos Propios da Universidade de Santiago de Compostela", and "Acordo do 24 de outubro de 2025 polo que se modifica o Regulamento para a creación, modificación e supresión das plataformas científico-tecnolóxicas". Under "III. Acordos e resolucións dos órganos da USC", there are four items, each with a right-pointing arrow icon: "Resolución reitoral do 10 de novembro de 2025 pola que se convoca elección de reitor ou reitora da Universidade de Santiago de Compostela", "Resolución reitoral do 10 de novembro de 2025 pola que se convocan eleccións de representantes no Claustro Universitario", "Resolución reitoral do 10 de novembro de 2025 pola que se convocan eleccións de representantes nas Xuntas de Centro e nos Consellos de Departamento", and "Acordo do 24 de outubro de 2025, do Consello de Goberno da USC polo que se regula o recoñecemento de equivalencia de estudos estranxeiros para o acceso a máster universitario, doutoramento e estudos propios na USC".



Teresa Moure

Profesora e directora do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX)

ENTREVISTA

«En diferentes especialidades e con diversas metodoloxías, termos en conta a perspectiva de xénero mellora os resultados de investigación»

María Encina Calvo Iglesias e Eva María Aguayo Lorenzo, investigadoras do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX), imparten este mes de xaneiro o curso “Perspectiva de Xénero na Investigación: un enfoque integrador”. A directora do CIFEX, Teresa Moure, fálanos da necesidade de que as novas xeracións se formen en xénero, tal e como indican as normativas do Espazo Europeo de Educacións Superior.

É este un curso que se repite desde hai varios anos. Aínda é necesario afondar na necesidade de incluír a perspectiva de xénero na investigación?

Como calquera outra materia que se imparta na EDIUS, cada ano chega a un alumnado diferente e, polo tanto, a repetición da materia está xustificada. Ademais, é preciso ter en conta que unha esmagadora maioría de titulacións de grao e de posgrao na USC actualmente non conteñen materias específicas de xénero. Iso significa que, durante o período predoutoral, é preciso para o estudantado facer un esforzo adicional para se adaptar aos requirimentos da investigación máis actual. Esa é a necesidade que vimos a cubrir.

Ao teu parecer, por que é tan importante facelo?

O xénero, igual que algúns outros indicadores sociais, elaborou unha crítica das ciencias e das tecnoloxías que se presentaran sempre como asépticas sen selo completamente. Trátase de corrixir as eivas derivadas desa irregularidade tanto na formulación das hipóteses científicas, como na metodoloxía con que se tratan ou nos obxectivos que se perseguen. Ao final, o que

toda a comunidade científica persegue é diminuír os nesgos da investigación e, neste sentido, é fundamental que as novas xeracións se formen en xénero, tal e como indican as normativas do Espazo Europeo de Educación Superior.

A quen vai dirixida esta formación?

A todas as persoas que están a realizar estudos de doutoramento na USC, independentemente da súa especialidade e de se a súa tese incorpora ou non a perspectiva de xénero no momento de impartirmos os cursos.

Cal é a principal aprendizaxe que queredes transmitir?

Como en calquera outra materia impartida desde a EDIUS, é case imposible responder esta pregunta de maneira breve: teríamos que ir aos programas establecidos en cada un dos tres cursos que se ofrecen por parte de investigador@s do Centro de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero. Poñamos por caso que a EDIUS ofrecese un curso de Física de partículas. Ninguén preguntaría pola principal aprendizaxe que se quere transmitir, posto que se aceptaría implicitamente que os contidos estarían altamente especializados. No entanto, parece que neste caso se supón que estamos a falar de activismo. As investigador@s do CIFEX estamos a favor do activismo –e moitas de nós somos activistas–, mais do que se trata na aula é de transmitir coñecementos altamente elaborados, discutidos e contrastados, destinados a demostrar que, en diferentes especialidades e con diversas metodoloxías, termos en conta a perspectiva de xénero mellora os resultados da investigación.

É un tema que esperta interese entre homes e mulleres por igual?

Tendo en conta que a Universidade hoxe está moi feminizada, en termos numéricos o habitual é que entre o alumnado haxa máis mulleres. Con todo, todos os xéneros están representados: mulleres, homes, persoas non binarias e persoas que non queren responder cando lles pasamos cuestionarios ao respecto da súa identidade de xénero.

Hai algunha área na que a falta de inclusión e a diversidade sexa especialmente alarmante?

A falta de perspectiva de xénero e de atención á diversidade é especialmente alarmante en todas as especialidades. Non esquezamos que, incluso no sentido máis superficial, a maioría das publicacións científicas continúan a usar o masculino xenérico, desouvindo as indicacións das investigacións lingüísticas nesta materia. A partir de aí, se pensamos na Universidade como un proxecto ao servizo da sociedade, podemos

considerar se é especialmente alarmante no campo das ciencias da saúde –onde todas, como usuarias dos servizos médicos nos xogamos a vida– ou na educación –onde se da forma ás mentalidades das novas xeracións. Mais iso xa son cuestións subxectivas.

Son comúns as desigualdades e discriminacións na investigación na actualidade?

Aínda que as discriminacións sexistas non sexan o aspecto máis decisivo que abordamos desde a perspectiva de xénero, si, son frecuentes. En caso contrario, non sería un aspecto tan fundamental para a revisión actual. Lémbrese neste sentido que os proxectos de investigación europeos, por exemplo, teñen en conta este factor para decidir a financiación.

En que cousas as mellorías son evidentes?


Cada vez existe un maior interese por parte dos novos grupos de investigación en colocar a perspectiva de xénero como centro de interese.

E algún paso cara atrás que se estea a detectar?

A pesar de que social e politicamente vivamos tempos convulsos, non se observan pasos en negativo. Como xa indicamos, trátase dun factor corrector que inflúe decisivamente nos resultados obtidos. Digamos que durante moito tempo se investigou sen xénero mais, desde que se coñece a categoría, é difícil prescindir dela porque perfecciona o panorama.

De que xeito pode a perspectiva de xénero favorecer a interdisciplinariedade?

A perspectiva de xénero é, en si mesma, híbrida: elabora os seus conceptos a partir de bases filosóficas mais tamén emanadas da análise do discurso e dos enfoques sociolóxicos coñecidos como ciencia, tecnoloxía e sociedade. A partir de aí, non somos especialistas en xénero, senón especialistas en politoloxía, economía, historia, física, IA, educación, lingüística, etc., de maneira que coñecemos ben como se elaboran os conceptos e prioridades nos nosos respectivos campos. Ao sumar a formación en xénero á correspondente a cada disciplina, o resultado non é un coñecemento derivado do anterior, senón que emerxe un dispositivo crítico de grande capacidade para producir hipóteses novas e para combinarse co doutras disciplinas. O carácter interdisciplinar é indisociábel da perspectiva de xénero.



Formación

Actividades Xaneiro 2026

Análise espacial e econometría espacial con R (avanzado)



Clases: 8, 12, 13 e 15 de xaneiro de 2026. Titorías online: 20 e 22 de xaneiro de 2026. Entrega online de traballos: 1 de febreiro de 2026
Actividade ONLINE, usando Microsoft TEAMS

Matricula: do 15 ao 22 de decembro de 2025

Horario: 10:00h - 12:30h

Perspectiva de Xénero na Investigación: un enfoque integrador



12, 14, 19, 21 de xaneiro de 2026
Actividade ONLINE, usando Microsoft TEAMS

Matricula: do 15 ao 22 de decembro de 2025

Horario: 16:00h - 18:30h

Estatística científica cos algoritmos de R



15, 16, 22 e 23 de xaneiro de 2026
Aula NORVET da Facultade de Veterinaria de Lugo, salvo para o 15 de xaneiro que seá na ARESA 2 da Facultade de Veterinaria de Lugo

Matricula: do 22 de decembro de 2025 ao 8 de xaneiro de 2026

Horario: 16:00h - 18:30h

BIP: Career Development Support for PhD Students in a Well




Do 19 ao 23 de xaneiro de 2026
Aula NORVET da Facultade de Veterinaria de Lugo, salvo para o 15 de xaneiro que seá na ARESA 2 da Facultade de Veterinaria de Lugo

Matricula: do 7 ao 14 de xaneiro de 2026

Horario: 09:30h - 17:00h

 **Ir ao sumario**



Formación

Actividades Xaneiro 2026

Curso Avanzado de Ecuaciones en Derivadas Parciales

12 de xaneiro até o 5 de febreiro de 2026. Exame: 26 de febreiro
Aula NORVET da Facultade de Veterinaria de Lugo, salvo para o 15 de
xaneiro que seá na ARESA 2 da Facultade de Veterinaria de Lugo

Matrícula: do 17 de decembro de 2025 ao 8 de xaneiro de 2026

Horario: 09:30h - 17:00h

Seminario: “Research and Getting it Published”

20 e 21 de xaneiro de 2026

Aula formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre (Santiago)

Matrícula: do 7 ao 14 de xaneiro de 2026

Horario: Martes 20 de xaneiro, de 15:30 a 19:30h (4h) e mércores 21 de
xaneiro, de 10:00 a 14:00h e de 15:30 a 17:30h (6h)

Introducción á investigación cualitativa nas Ciencias Sociais

13, 15, 19, 20 e 22 de xaneiro de 2026

Módulo A Facultade de Ciencias da Educación. Campus Vida- Santiago

Matrícula: do 19 de decembro de 2025 ao 8 de xaneiro de 2026

Horario: para o 13, 15, 19 e 20 de xaneiro de 9:30h a 11:30h e para o 22
de xaneiro de 10:30h a 12:30h

EDIUS NOVAS

Premio para teses relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía nuclear

A Sociedade Nuclear Española convoca a duodécima edición do Premio SNE para Teses de Doutoramento. Poden optar ao premio as teses con contidos relacionados coa ciencia e/ou a tecnoloxía nuclear, que foran presentadas en universidades españolas ou por cidadáns

españóis en universidades estranxeiras en países con representación na Sociedade Nuclear Europea (ENS) que se defenderan e obtido a cualificación correspondente, dentro do ano 2025.

Máis información
[nesta ligazón.](#)

A persoa gañadora recibirá un premio de 2.000 euros, unha placa e un diploma acreditativo. Ademais, o traballo gañador optará ao Premio á mellor Tese outorgado pola ENS, no caso de que volva ser convocado. O autor/a tamén poderá presentar o seu traballo como ponencia dentro da Reunión Anual da SNE que se celebrará neste ano 2026.

Para poder concorrer a esta convocatoria, as persoas interesadas deberán enviar a documentación indicada nas [bases](#) ao correo electrónico comision.technica@sne.es non máis tarde do día 23 de xaneiro de 2026. O fallo farase público antes de finalizar o mes de marzo de 2026.



PREMIO SNE 2025
PARA TESIS DOCTORALES

[↩](#) Ir ao sumario



Teses

Decembro 2025

Afectación respiratoria en la esclerosis lateral amiotrófica

VANESSA RIVEIRO BLANCO

Director/es: Luis Guillermo Valdés Cuadrado, Carlos Zamarrón Sanz

PD: Investigación Clínica en Medicina

Data: 03/12/2025 - Presencial

Resumo:

La esclerosis lateral amiotrófica (ELA) es una enfermedad neurodegenerativa progresiva muy heterogénea. La afectación respiratoria es una de las principales causas de mortalidad, por lo que es muy importante realizar una valoración precoz de la misma. El objetivo de la tesis es describir las características clínicas, funcionales y poligráficas de las diferentes formas clínicas de la ELA. También se ha estudiado la relación entre los trastornos respiratorios del sueño (TRS) en la ELA con variables clínicas, funcionales y de intercambio gaseoso, así como el impacto de los TRS en los ingresos hospitalarios y en el pronóstico de la enfermedad. Debido a que no existe una prueba diagnóstica que se considere gold standard para evaluar la supervivencia, se ha realizado un análisis de clústeres con el objetivo de intentar agrupar a los pacientes en función de diferentes características.

Quejas Cognitivas Subjetivas en personas mayores y sus informantes. Análisis de su relevancia como factores de riesgo dentro del continuo cognitivo del envejecimiento

LUCÍA PÉREZ BLANCO

Director/es: Onésimo Juncos Rabadán, María Campos Magdaleno

PD: Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde

Data: 03/12/2025 - Presencial

Resumo:

El objetivo de la tesis es analizar la relevancia de las QCS en personas mayores y sus informantes como factores de riesgo dentro del continuo del envejecimiento. Se concluye que el abordaje neuropsicológico de las QCS debería ir más allá de la mera utilización de la estimulación cognitiva. Incorporar psicoeducación con estrategias metacognitivas y utilizar un formato y debate grupal reforzado por profesionales contribuiría a reducir las QCS y en consecuencia a mejorar el bienestar psicosocial y emocional de los mayores sin deterioro cognitivo. El análisis combinado de la díada paciente-informante permite una evaluación más completa y precisa del grado de CDC y el riesgo de progresión hacia etapas clínicas más avanzadas. Las QCS del paciente son realmente útiles para predecir declive en etapas iniciales y reversión clínica; en cambio, las QCS del informante son más fiables y sólidas para predecir la progresión en las etapas más avanzadas del deterioro cognitivo.

[↩ Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en decembro

Portable heterogeneous computing on distributed HPC systems

SILVIA RODRÍGUEZ ALCARAZ

Director/es: David López Vilariño,
Francisco Fernández Rivera

PD: Investigación en Tecnoloxías da
Información

Data: 04/12/2025 - Presencial

Educación para el uso de tecnología aplicada a la diabetes. Programas e intervenciones educativas para personas con diabetes tipo 1

**VERÓNICA VICTORIA IZQUIERDO
VÁZQUEZ**

Director/es: Raquel Rodríguez
González, Marcos Pazos Couselo,
María González Rodríguez

PD: Investigación Clínica en Medicina

Data: 05/12/2025 - Presencial

Control e Automatización en Biofísica Aplicada á Medicina

SANTIAGO PARAMÉS ESTÉVEZ

Director/es: Alberto Pérez Muñuzuri

PD: Ciencia de Materiais

Data: 05/12/2025 - Presencial

Resumo:

This thesis addresses the development of portable heterogeneous applications using Intel's implementation of SYCL, Intel oneAPI, and evaluates their performance on distributed HPC systems. To this end, a microbenchmark was developed to solve iterative problems, applying dynamic workload balancing and considering CPU+GPU and CPU+FPGA configurations. Furthermore, the degree of automation provided by SYCLomatic for migrating CUDA to SYCL was examined, analysing the performance portability of native and migrated code.

Resumo:

El acelerado desarrollo y utilización en la práctica clínica de la tecnología aplicada a la diabetes, específicamente la bomba de insulina y la monitorización continua de glucosa, ha revolucionado el manejo de las personas con diabetes tipo 1 de su condición, al fomentar una autogestión más conveniente. Sin embargo, la integración de la tecnología en la vida cotidiana es un desafío, además, la tecnología en diabetes por sí sola no garantiza un mejor control metabólico si no se acompaña de una educación terapéutica. La tesis explora nuevas propuestas educativas para personas con diabetes tipo 1, en condiciones de vida reales, enfocadas en candidatos al inicio de terapia con bomba de insulina y en personas previamente usuarias de monitorización continua de glucosa.

Resumo:

Nesta tese propónse o desenvolvemento e estudo de sistemas de control e automatización enfocados cara o ámbito clínico e experimental. Consta de dúas partes: na primeira os esforzos dedícanse ó estudo de distintas variacións que se poden levar a cabo en sistemas microfluídicos para controlar o comportamento do experimento. Na segunda, o enfoque está dirixido cara a creación de ferramentas automáticas de diagnóstico radiográfico de artrose de xeonllo e man. Aínda que os contextos sexan diferentes, as técnicas amosadas en ambas partes poden ser combinadas para crear sistemas autónomos de laborator, que tomen decisións en base a medidas realizadas por sensores e realicen accións modificando as condicións experimentais mediante os actuadores deseñados.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en decembro

El Caribe en disputa. El sistema interamericano ante la conflictividad revolucionaria (1959 1967)

ADRIÁN FELJOO SÁNCHEZ

Director/es: Eduardo Reytristán,
Eudald Cortina Orero

